

ACTO DOS 30 ANOS DE ALVARELLOS EDITORA

Galería Sargadelos. Lugo, 13 de novembro de 2007. 20 h.

Boas tardes a todos. Alcalde, amigos. Este é o acto digamos oficial no que celebramos que, hai xustamente trinta anos e cinco meses menos catro días, ou sexa, o 17 de xuño de 1977, presentábase ao público e aos medios de comunicación unha nova editorial galega, Alvarellos Editora.

Están presentes, nesta mesa, á parte do rexidor municipal, a miña nai e co-fundadora da Editorial, Conchita Casas, o crego e músico e musicólogo (co-fundador de *Fuxan os Ventos*) Xesús Mato, e o xornalista de *El Progreso* Xosé Alonso. Aos que aproveito para saudar agarimosamente.

Contamos ademais con un trío musical formado para esta ocasión, integrado por Paula Fernández, Bruno Villamor e Vítor Otero. Interpretaron como apertura o Vals “Na Eira”, arranxo dunha peza do Gaitero de Santo de Xusto (Palas de Rei) Logo tocarán “Soño na Lanzada”, arranxo sobre a cantata “A Lanzada” composta por Enrique Alvarellos nesa parte onde o libreto di “Todo foi un soño o que pasou por min...” á que se engade un fragmento dunha nana titulada “O Primeiro sono” da que é autor Bruno Villamor. E por último unha terceira peza pechará o acto: unha polka titulada “Cova Nuada”.

Aquel 17 de xuño de 1977 presentábase, como dixen, Alvarellos Editora. O acto desenvolvíase na sala de arte “Arco da Vella”, ubicada moi preto de aquí, no número dez da rúa da Raíña. Meu pai materializaba así un proxecto que tiña en mente dende mediados dos anos sesenta, poucos anos despois de abrir a Academia, pero que as dificultades da ditadura impedían desenvolver. A ditadura teme á cultura e aos libros como levados polo demo, pois eles son, os libros, como é sabido, a cancela aberta á liberdade individual, ou sexa, tamén colectiva, de cada pobo. Os grandes inimigos, pois, para os intolerantes e os dogmáticos.

Sería entón coa chegada da democracia cando Alvarellos Editora botaba definitivamente a andar.

Ese día pórtico, o 17 de xuño de 1977, Enrique Alvarellos presentaba os dous primeiros títulos da nova empresa cultural: a novela *Botei 40 anos*, da que el era tamén o autor, un relato autobiográfico dos tempos da posguerra impreso nun papel mouro, impresión que collería sona por aqueles días (“a mesma cor do pan de centeo que tiñamos que comer a diario na posguerra” dicía meu pai; un pan, por certo, que hoxe –lonxe xa daquelas precariedades e identificacións– ben gusta a todos). E en papel mouro, ou de estraza, tamén se presentaba un libro de poemas dun novo autor, Paco Ledo, titulado *Poesía dun labrego*. Alí estabamos, na galería Arco da Vella, a familia ao completo, o promotor e distribuidor da editorial Xosé Moreiras Santiso, varios alumnos da Academia Alvarellos (centro de ensinanza que xa levaba percorridos case quince anos, pois fora inaugurada, por Conchita e Enrique, en marzo de 1963) e numerosos amigos.



Hoxe, trinta anos despois, convocámosvos a esta conmemoración obrigada. Os que non están con nós ergueron este edificio e hoxe estarían satisfeitos ao ver que o seu labor ten continuidade. Esta é, dalgún xeito, unha maneira de ser inmortais.

Aquel 1977 funcionaban en Galicia só unhas 7 empresas editoras e publicábanse, en galego, uns 70 libros ao ano. Hoxe somos máis de corenta as editoriais que operamos no país e publícanse cinco libros diarios en galego (uns 1.800 ao ano) e 2.800 en total, sumando galego e castelán. Aquelas empresas artesanais, que así eran casi todas nos setenta, pasaron hoxe a configurar o que poderíamos definir como industria cultural, cun tecido asentado, unha calidade notable, e que só debe loitar contra unha grande lousa: o baixo, baixísimo índice de lectores galegos (a metade dos galegos e galegas afirma non ler libros). Joseph Brodsky, poeta e ensaísta ruso que logo se nacionalizou estadounidense e foi Premio Nobel hai xusto vinte anos, soía dicir que non ler libros é peor que queimalos, e iso que, como ben novelou Manuel Rivas hai só un ano, en 746 páxinas, “os libros arden mal”, moi mal.

Pero a baixa lectura non é un problema só noso, nin é de agora. Un editor que se pon a editar, que funda unha editorial, non pensa nisto. Pensa en poder dar á súa sociedade, ao mundo que o rodea, algo novo que mova á reflexión, elementos de debate ou de mero pracer, pero que aporten algo ao espírito; si, ao espírito. Unha empresa editorial (falo de pequenas ou medianas empresas, pois pérdome na valoración dos grandes grupos editoriais, que son xa outro mundo, outra cousa) un pequeno editor non é, como digo, non pode ser, un fábrica de conservas, de brocas do cinco ou de pneumáticos, con todo o imprescindibles que son estas. O comercio de produtos do espírito sempre camiñará por outros vieiros, complementarios, paralelos ou mesmo ás veces diverxentes do puro mercado.

Un historiador alemán de entreséculos, Félix Dahn, explicaba así de clariño, a finais do XIX, o negocio editorial: Escribir libros é doado. Só fai falla pluma, tinta e papel. Imprimir libros resulta algo máis difícil, porque de cote o talento comprácese en ter un carácter de letra ilexible. Ler libros é aínda máis difícil, debido á doce modorra que leva canda si a lectura. Pero a tarefa máis dura que pode emprender un home é a de *vender* un libro.

Porque estamos no mercado. E un editor ten dereito a poder vivir disto, como calquera outro empresario de calquera outra cousa. Ou acaso a cultura ten que ser de valde? Moi ao contrario: a cultura e o libro é –tal e como se vén de aprobar no Parlamento de Galicia—, un sector estratéxico.

Pero os tempos, ou os ventos, como dixemos, nunca adoitan ser propicios para líricas. O tempo que nos toca é máis ben cousa épica, tecnolóxica, lineal.

Aínda que unha editorial familiar, independente, nun lugar do mundo que se chama Lugo, e nos anos setenta, constitúe iso si toda unha épica, unha épica que comercializa produtos líricos. Así, meu pai editando a primeira novela de Xavier Alcalá, *A Insua*; os sete tomos da *Historia de Galicia* de Benito Vicetto (vendíanse a 500 pesetas cada un e anunciábase como a historia de Galicia máis económica do mercado: 3.500 os sete



tomos), ou poemario *Catavento de Neutrós Domesticados*, de Manuel María, todo un derroche de inspiración surrealista que no seu tempo pasou desapercibido pero que hoxe é valorado entre as súas mellores composicións... Outros novos narradores como Xavier Rodríguez Barrio, Antón Risco, Xosé Lois García, Xosé Dono e o propio Enrique... que agromaban no noso panorama naqueles días con libros que se ían mesturando con outras publicacións de recuperación histórica como a devandita Historia de Vicetto (esta era esta a primeira edición facsímile dunha obra publicada por vez primeira en 1865, pleno Rexurdimento), ou o *Almanaque de la Inquisición* (que padeceu un intento de secuestro por parte do Goberno aínda de Transición), ou o a *Historia dos Mártires de Carral* de Tettamancy. En fin. Había tanto por facer!

Eran estes anos setenta os dun segundo rexurdimento. E Lugo, de novo, como nos tempos de Manuel Soto Freire ou da Editorial Celta, volvía a ser protagonista dun negocio de publicacións que espallaba a cultura por todos os recantos. Todas as grandes editoriais galegas que hoxe campan polo mercado, aínda non viran a luz: Xerais fixoo dous anos depois, en 1979, Sotelo Blanco a comezos dos oitenta, e Edicións do Cumio, ou Rodeira, ou Espiral Maior, ou Ir Indo... Só outras dúas editoras son hoxe máis veteranas que Alvarellos: Galaxia, fundada en 1950, e a que fornece e fermosea esta sala onde hoxe nos atopamos, Edicións do Castro, fundada por Isaac Díaz Pardo en 1962.

Non foi doado sobrevivir. Non é doado resistir. Velaí todos os que quedaron polo camiño. Enrique Alvarellos tiña operativa a súa editora no mesmo lugar onde a Academia desenvolvía as súas clases, e a imprenta materializaba as publicacións. No número 1 desa praza que houbo un tempo republicano en que se chamou praza dos Mártires de Carral, un tempo monárquico que se denominou praza de Alfonso XII e antes, segundo conta Fole, praza da Herba. E que hoxe, dende Franco, é a praza dun militar, o Comandante Manso. Pois ben, dende aquí, fronte aos ollos da Mosqueira que enfocan ao suroeste, consolidouse Alvarellos Editora gracias á ilusión, ás ideas, á vocación cultural, ao amor por Lugo e por Galicia, de meu pai, e a axuda intensa, preta e continuada da miña nai Conchita e da miña irmá Cecilia.

Trinta anos depois quixemos celebralo dun xeito nada especial para unha familia de editores: ou sexa, publicando un libro. Este volume chamado *Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia* que hoxe presentamos ao público por vez primeira. Nesta obra conmemorativa tantos autores coma anos ten esta empresa reflexionan sobre o libro e a cultura de Galicia, e renden unha fonda e sincera homenaxe a Enrique Alvarellos Iglesias. Entre eles, tres están sentados a esta mesa. Á parte deles, Xavier Alcalá, que recorda nestas páxinas a “xenerosidade” de meu pai “nun intre –di– de miseria cultural”. Xesús Alonso Montero cualifica de “sorpriendente aventura editorial” a posta en marcha da nova empresa; Luís Álvarez Pousa define aos editores “como as columnas dóricas da cultura que nos interpela con máis tensión e desasosego ca nunca”, Xosé Ramón Barreiro (presidente da Real Academia Galega) céntrase na “coraxe á hora de editar libros que eran reliquias históricas como foron as *Obras Completas* do Cura de Fruíme ou *Argos Divina* do cóengo Pallares). Manuel Bragado fala do editor dos setenta como “activista intuitivo, utópico”. A conselleira Anxela Bugallo define a Alvarellos Editora como “proxecto creador de país”, o libreiro santiagués Xesús Couceiro detense no “entusiasmo” de Enrique por editar vellas xoias. O poeta e editora Miguel Anxo Fernán Vello afirma que “Alvarellos foi quen de construír no tempo un



edificio editorial que marcou época” e Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, fala de “Lugo como a cidade na que o libro é algo máis que un obxecto de reverencia litúrxica e afirma que nada é mais sólido que aquela empresa que é quen de superar a transición xeracional e as inclemencias do paso do tempo”.

Finalmente, citar, aos dous editores decanos de Galicia en activo, Francisco Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo, que quixeron estar presentes así mesmo nesta obra, louvar o traballo feito e desexar un futuro pleno. Así ata 30 autores.

E vou concluíndo.

O meu fondo agradecemento ao alcalde Orozco e ao Concello de Lugo polo seu apoio na edición deste libro conmemorativo. A todos os presentes, aos que quixeron colaborar na escrita colectiva deste volume. E á Galería Sargadelos, a Xesús en particular, por acollernos aquí unha vez máis.

Non sei se dentro de tres décadas seguiremos editando libros no formato que hoxe se fan. Quero dicir: libros en papel. Elixindo as cubertas, os tamaños, as cores, os deseños, a gramaxe do papel, o tipo de capitular e de letra, as marxes, as tintas, cada ilustración... Gozando con cada libro saído do prelo como se for unha parte dun que se bota fóra, a andar polo mundo, a comunicar. Os anos que nos agardan, de fondos cambios tecnolóxicos, non se sabe moi ben qué traerán neste sentido.

O que si estamos seguros é que, sexa no formato que sexa –libros tradicionais ou e-books (os libros electrónicos) ou o que se invente– gozaremos sempre espallando cultura. “Loite connosco pola cultura”; eis o lema co que botou a andar esta empresa. O mesmo lema que preside hoxe o nosos pasos, o noso futuro. O esforzo aquel de meu pai ten –terá– sentido. Para el vai todo. Grazas.

